

Ante a decisión da administración educativa de implantar un novo grupo de 1º ESO o curso que ven no IES Lamas de abade e ante a carencia de espazos que presenta o noso centro, o profesorado abaixo asinante queremos denunciar os graves perxuicios que suporá este feito na calidade da educación e da convivencia e benestar para a totalidade do alumnado das distintas etapas.

A necesidade de ubicar ao novo alumnado nos espazos actuais conlevará a imposibilidade de utilizar as aulas que ata agora destinábanse a:

- Desdobres de alumnado para a impartición de materias optativas nos diferentes niveis da ESO e Bacharelato.

- Aplicación de medidas de atención a diversidade coma agrupamentos flexibles e o programa de diversificación curricular.

- Disponibilidade dalgunhas das aulas específicas de materia (plástica, tecnoloxía, música, informática, idiomas, biblioteca...)

- Actividades relacionadas coa aula de convivencia (xa neste momento compartida coa aula de tutorías coas familias) tales coma a atención ao alumnado que presente incidencias tanto persoais (saúde, comportamento, etc) coma educativas ou para resolución de conflitos, mediación, entrevistas persoais, etc.

En canto aos ciclos formativos queremos lembrar que, xa desde fai tempo, no centro non se cumpre a lexislación vixente referente aos espazos necesarios para a impartición destes estudos e, polo tanto, a implantación da novo grupo dificultará aínda máis alcanzar o cumprimento da lei co o agravante que no curso 24/25 aumentará a oferta formativa nesta etapa.

Asemesmo o novo horario do profesorado impedirá que poida atender coa mesma adicación os diferentes programas educativos nos que neste momento se adscribe o IES.

Ante o enriba exposto e a importante diminución na calidade da atención educativa ao alumnado que conleva, **solicitamos** que non se implante o terceiro grupo de 1º eso ata que o centro conte cos espazos adecuados para o desenvolvemento dunha ensinanza nas condicións que o alumnado merece.